



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 22 DE ABRIL DE 2022 DA
UNIVERSIDADE DE VIGO, POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES
DEFINITIVAS DE ESTUDANTADO SELECCIONADO, EN LISTA DE
AGARDA E NON SELECCIONADO NO CADRO DA
CONVOCATORIA DE PRAZAS ERASMUS+ ESTUDOS PARA O
CURSO 2022-23**

Publicada a Convocatoria de prazas Erasmus+ Estudos para o curso 2022-2023 por Resolución Reitoral do 21 de decembro de 2021, e unha vez recibidas as resolucións e os criterios de selección dos centros da Universidade de Vigo, acórdase ditar a seguinte

RESOLUCIÓN

1. Publicar a listaxe de estudantado seleccionado coas prazas concedidas no Anexo I
2. Publicar a listaxe de agarda no anexo II.
3. Publicar a relación de estudantado non seleccionado no anexo III.
4. A concesión da praza Erasmus+ da Universidade de Vigo queda condicionada á:
 - 4.1. Presentación da aceptación da bolsa no prazo de 5 días hábiles a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) polo procedemento. [SXER - Instancia xenérica \(Estudantes\)](#). O modelo de aceptación/renuncia está colgado no [portal de bolsas](#). A data límite de presentación é o **3 de maio de 2022**.
 - 4.2. Admisión do/a estudante por parte da universidade de destino. O estudantado debe enviar a documentación solicitada pola universidade de destino nos prazos establecidos polas institucións estranxeiras.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O REITOR

Por Delegación (R.R. do 26/05/2020)

DOG 04/06/2020

A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación

Esta resolución está asinada dixitalmente por María Isabel Doval Ruiz

